

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO 2008-09

AS FIADAS DA EOI DE FERROL

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE FERROL

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO:

a. Situación sociolingüística do centro.

O ENDL da EOI de Ferrol realizou unha enquisa sociolingüística en marzo de 2007. As conclusións máis salientables desta enquisa foron as seguintes:

- O castelán, comparando co galego, resulta, para a maioría das/os enquisados moito máis fácil, sobre todo na súa forma escrita.

- Por idades é o colectivo dos máis novos (21 a 30 anos) os que manifestan un maior dominio do galego escrito, como contrariamente ó que sinalan sobre o coñecemento falado ou lido.

- O colectivo entre 41 e 50 anos son os que tiveron unha educación co maior dominio do galego. Mentres que os máis mozos criáronse na súa maioría en castelán. A familia e a escola resultan ser as primeiras fontes de aprendizaxe do galego para o 68% dos enquisados.

Con estas conclusións, na Escola Oficial de Idiomas de Ferrol cómpre potenciar o uso do galego entre os membros da comunidade escolar para que estes utilicen con naturalidade a nosa lingua e así se sintan cada vez máis competentes en galego. Para iso é necesario crear espazos de conversa en galego, onde maiores e novos intercambien opinións acerca dun mesmo tema; e dun espazo virtual de intercambio de textos escritos a través da rede. A creación destes espazos comúns de uso normalizado da nosa lingua é especialmente importante neste centro xa que, ao ser unha Escola de Idiomas, a lingua de comunicación na aula é a que se estuda (alemán, francés, galego, inglés, italiano e portugués). O galego só se usa como lingua vehicular de aula nas clases de galego. O obxectivo final é normalizar a lingua galega no noso centro creando espazos que faciliten este uso oral fóra da aula. Este obxectivo se conseguiu a

través do proxecto desenvolvido durante o curso 2007/08 cos nosos “Fiadeiros”, espazos para o intercambio e o diálogo en galego. Estes “Fiadeiros” foron moi ben acollidos tanto por parte da comunidade educativa como polas institucións locais que participaron.

Temos a intención de darlle continuidade presentando unha lingua galega sen fronteiras: o galego non só se fala en Galicia por galegos se non que é unha lingua obxecto de estudo e interese no mundo, en países tan dispares coma Alemaña, Arxentina, Croacia, Cuba, Estados Unidos, Finlandia, Reino Unido ou Rusia. Queremos contactar con estes países e convidalos a participar nas nosas fiadas a través de videoconferencias.

b. A nova ordenación das escolas oficiais de idiomas.

A partir do próximo curso estará totalmente implantada a nova ordenación das EOI. Nos novos niveis prima a aprendizaxe por destrezas, e os exames de certificación comprenden textos xenuínos, actuais e relacionados non só coa cultura maioritaria senón tamén con culturas minoritarias dos países onde se fala a lingua meta, aspecto que facilitará o desenvolvemento das unidades didácticas relacionadas co noso proxecto. Isto posibilitará a contextualización dos países nos que se está a estudar galego e permitirá un coñecemento previo por parte do alumnado destes lugares para que posteriormente poidan manter unha conversa fluída en galego a través das videoconferencias.

c. Conclusións de O Fiadeiro (curso 2007-08)

O proxecto lingüístico de centro (PLC), ao que chamamos O Fiadeiro, que desenvolvemos durante o curso 2007-08 tivo resultados moi positivos. Posiblemente a actividade na que participaron máis membros da comunidade escolar foi a videoconferencia con Suecia.

A EOI de Ferrol, como institución aberta ás distintas culturas e as súas linguas ten a oportunidade de establecer relacións con centros

onde se imparte a lingua galega. Queremos aproveitar a variedade de departamentos de linguas do noso centro para poder contactar mediante videoconferencias con interlocutores en diversos países do mundo.

2. OBXECTIVOS.

a. Obxectivos a curto prazo.

- Establecer contacto con entidades no estranxeiro.
- Establecer contacto con persoas estranxeiras que están aprendendo galego.
- Achegar ao alumnado textos (falados e escritos) na lingua meta relacionados coas culturas de países de todo o mundo onde se estuda galego.
- Achegar á comunidade escolar unha nova perspectiva do que habitualmente entendemos por unha persoa galegofalante.
- Difundir o proxecto a través do fiadeiro virtual na internet con aportacións escritas e audiovisuais.

b. Obxectivos a longo prazo.

- Potenciar o galego oral como lingua habitual no noso centro.
- Romper barreiras e eliminar prexuízos acerca do perfil da persoa galegofalante.
- Establecer lazos con diversas entidades en Ferrol e por todo o mundo.
- Favorecer a relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e comunicación.

- Animar aos países participantes a continuar mantendo o contacto coa EOI unha vez rematado o proxecto a través do fiadeiro virtual.

3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

As Fiadas da eoi de Ferrol

Neste novo proxecto queremos darlle unha dimensión universal ás fiadas na nosa lingua como continuidade dos “fiadeiros presenciais”, xuntanzas de 15/20 persoas nas que se fala en galego e do “fiadeiro virtual”, espazo na internet con forma de blog para achegar aportacións na nosa lingua.

Contidos e metodoloxía

Para poder involucrar directamente ao alumnado nas aulas, o profesorado implicado realizará unidades didácticas na lingua que imparta sobre o país co que se vai establecer a videoconferencia. Traballaránse ámbitos distintos da cultura, xeografía, situación, ... adaptadas ao nivel do alumnado co fin de contextualizar as “fiadas”.

A persoa encargada da coordinación do PLC contactará nos meses de setembro e outubro con institucións onde se imparta a lingua galega, para o cal utilizaremos a información que proporciona a Secretaría Xeral de Política Lingüística na páxina:

http://www.xunta.es/linguagalega/lectorados_de_universidades

ou con centros galegos no mundo a través doutros contactos. Con cada institución concretará un día e hora para a celebración dunha videoconferencia, e informará de esta puntualmente á xefatura de recursos, á vicedirección e ó profesorado. A xefatura de recursos encargárase da parte técnica da videoconferencia; a vicedirección, da relación cos medios de comunicación, as institucións do contorno e a

comunidade educativa non docente e o profesorado encargarse da implicación do alumnado.

A videoconferencia será un acto aberto a toda comunidade escolar e se desenvolverá en galego. Estará moderada por un/ha profesor/a do departamento correspondente que poderá dirixir tamén a temática. Asistirá tamén o/a coordinador/a do PLC. As videoconferencias celebraranse alternativamente en quenda de mañá ou de tarde, dependendo do mes, dos horarios do departamento e da dispoñibilidade do centro interlocutor. A convocatoria das videoconferencias publicaranse cunha semana de antelación no taboleiro do ENDL e nun lugar ben visible da páxina web, e informaremos con tempo suficiente aos medios de comunicación. As videoconferencias recolleranse en formato de audio ou vídeo para facilitar a avaliación final do proxecto.

Todas as videoconferencias terán unha estrutura similar. Constarán dunha breve presentación por parte dos coordinadores da videoconferencia en ambos os dous países. A continuación as/os participantes farán unha curta fiada de "curiosidade" (por que o interlocutor estuda galego, que lle aporta, ...). Estas dúas partes serán comúns a todas as fiadas. A terceira parte adicarse a fiar sobre a temática pre-establecida e que se detalla a continuación.

Temas e temporalización

Cada mes as conferencias estarán adicadas a un departamento distinto, co seguinte calendario (que podería ser reformado en función da dispoñibilidade do interlocutor ou do departamento):

- Setembro: O día 26 de setembro iníciase o novo curso 2008/09 e na inauguración farase a presentación do proxecto a toda a comunidade educativa. Será un acto de portas abertas.

- Novembro: O baile tradicional: sera o tema sobre o que se fiará nesta videoconferencia. Contaremos coa colaboración da escola de baile Mario Escudero, Donas e Galáns.
- Decembro: Gastronomía: fiaremos sobre as festas e tradicións a través da gastronomía coa colaboración do IES Fraga do Eume (departamento de hostalería)
- Xaneiro: Cine: o departamento de galego do centro en colaboración co equipo do ENDL fará unha selección de 3/4 películas galegas que se proxectarán durante o mes de xaneiro. Isto facilitará a fiada, na cal contaremos coa colaboración de Pepe Cunha, director do portal independente galego de lecer ABRETEDEORELLAS.
- Marzo: Viaxe por Galicia: con anterioridade á videoconferencia farase envío ao país convidado á fiada dun dossier de diversos folletos turísticos coa colaboración de Turgalicia. Os participantes da nosa escola nesta fiada recomendaránlle aos convidados lugares que consideran de visita obrigatoria se se viaxa por Galicia.
- Abril: Xogos populares: temática que facilitará moito a fiada porque probablemente teremos moitos xogos en común co país convidado. Para esta fiada contaremos coa colaboración do escritor e asesor de lingua galega no CFR de Ferrol, Antón Cortizas.
- Maio: Literatura e música: no mes das letras galegas fiaremos sobre a nosa literatura e música facendo un percorrido dende o tradicional e popular ata o máis actual. Contaremos coa colaboración da poeta Aurora Varela, alumna da escola e de M^a José Carralero, profesora de arpa do Conservatorio Profesional de música Xan Viaño, que despois da fiada, farán un recital poético-musical de arpas.

Proposta metodolóxica.

O profesorado implicado introducirá ao seu alumnado na situación e a cultura do país e cidade onde está situada a institución de contacto.. Cada profesor/a ou departamento terá absoluta liberdade para elixir o método a escoller, tendo en conta o nivel da aula, o calendario escolar, as posibles festividades relevantes, etc. Entre as distintas actividades de aula suxerimos:

- *Webquests* no laboratorio de idiomas.
- Visitas virtuais ao país ou cidade na aula de audiovisuais.
- Lectura de textos (na lingua meta) dalgún autor ou autora do país.
- Procura práctica de información en folletos turísticos (estes poden solicitarse gratuitamente ás oficinas de turismo da zona).
- Escoita / lectura de novas nos medios de comunicación locais a través de internet.
- Calquera outra actividade que supoña o uso de textos xenuínos e relacionados coa cultura do país e a vila da institución convidada.

O profesorado implicado no proxecto facilitaralle a/o coordinador/a unha copia da actividade realizada, ben sexa en soporte de papel ou óptico. Estas actividades de aula compilaranse a finais de curso non só para a memoria final, senón tamén para facer un banco de actividades das que se poda beneficiar a nosa comunidade escolar en vindeiros anos.

4. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO.

- Portátiles e canóns nas distintas aulas para celebrar as videoconferencias.

- Sala de audiovisuais para as videoconferencias e as actividades de aula.
- Salón de actos para algunhas das videoconferencias.
- Laboratorio de idiomas para as actividades de aula.
- Cámara de vídeo para a recollida das videoconferencias.
- Lectores USB para almacenar as actividades de aula.
- Páxina web do centro: www.eoiferrol.org

5. COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓN DO CONTORNO.

Colaboraremos con:

- IES Leixa: O alumnado e profesorado dos departamentos de Artes gráficas e Deseño deste centro colaboran habitualmente coa nosa escola no deseño e maquetación de material gráfico (revista escolar "Diálogo", carteis, posters, programas, fiadeiro do curso 2007/08...). Neste proxecto encargaríanse do deseño de cartazos anunciadores das Fiadas así coma do programa anual coas datas, hora, lugares e temas das videoconferencias.
- Equipas de Normalización Lingüística da zona.
- Concello de Ferrol, a través de Beatriz Bascoy, técnica de Normalización Lingüística.
- Escola de Baile Mario Escudero, Donas e Galáns, que colaborarán na fiada *adicada ao* baile tradicional.
- Cfr de Ferrol, a través do seu asesor de lingua galega, Antón Cortizas.
- Conservatorio Profesional de Música "Xan Viaño"
- IES Fraga do Eume, a través do departamento de hostalería que colaborarán na fiada *adicada á* gastronomía.
- Portal independente galego de lecer, a través do seu director, Pepe Cunha.

6. PLAN DE AVALIACIÓN.

Avaliaremos o PLC a través de dúas canles:

- A través das videoconferencia: analizando o número de asistentes a cada videoconferencia, e do nivel de colaboración coas institucións do contorno.
- A través dunha breve enquisa que se lle fará ao profesorado implicado ao final do proxecto. Terá forma de cuestionario e será de interpretación sinxela para facilitar a recollida de datos.

7. NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

As necesidades de formación do profesorado desta eoi son principalmente no uso das novas tecnoloxías xa que a meirande parte do profesorado da eoi de Ferrol recibiu un curso de actualización do galego no curso 2006/07, quedando parcialmente cuberta a formación lingüística.

Durante o curso 2007/08, na eoi de Ferrol levamos a cabo un proxecto de formación e optimización de uso das novas tecnoloxías existentes no centro, que terá continuidade durante o curso 2008/09. As nosas necesidades de formación quedan cubertas a través deste proxecto, onde o profesorado pode acudir a titorias individuais ou en grupo para mellorar a súa formación en tics.

8. MEDIDAS PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO ENTRE TODA A COMUNIDADE ESCOLAR

- No primeiro claustro do curso 2008/09, que se celebrará en setembro de 2008, a coordinadora do ENL e do proxecto de innovación informará a todo o claustro máis detalladamente do proxecto e animarase ao profesorado de nova incorporación a tomar parte activa na iniciativa.

- Todas as aulas terán a inicio de curso no seu taboleiro información por escrito sobre o proxecto.
- O alumnado será informado polo profesorado oralmente na aula.
- Haberá cartazos que anuncien as fiadas en videoconferencias en lugares visibles da escola así como no taboleiro asignado ao Equipo de Normalización Lingüística.
- Haberá programas coas datas e lugares das fiadas en videoconferencia a disposición de toda a comunidade educativa.
- Enviarase o programa por correo electrónico aos ENDL dos centros da zona para convidalos a participar e a todas as institucións e persoas que colaboran co proxecto.
- Puntualmente, antes de cada fiadeiro presencial, enviarase información detallada aos medios de comunicación para a súa difusión na comarca.

8. CONCLUSIÓN

Co novo PLC a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol quere darlle un pulo ao uso do galego oral na nosa comunidade escolar. Farémolo afondando nunha dimensión cosmopolita para desbotar prexuízos, establecendo lazos no estranxeiro a través da lingua. Nese sentido dámoslle continuidade ao proxecto *O Fiadeiro*. Unha vez máis traballaremos para que o galego non sexa unha lingua de uso litúrxico na nosa escola, senón o que realmente é: unha lingua viva, que utilizamos para comunicarnos con persoas que están próximas ou a moitos quilómetros de nós.